



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver as necesidades da administración municipal na área de secretaría, por mor da carencia de persoal funcionario, e tendo en conta que na actualidade nos postos de traballo de Auxiliar Administrativo existen catro auxiliares administrativas, contratación laboral temporal, e de que existe unha vacante no cadro de persoal funcionario, Auxiliar Administrativo, do vixente Orzamento Municipal para 2019.

Na área de secretaría existen necesidades que demandan un reforzo en auxilio administrativo, salientando a necesidades de contar con persoal suficiente para os traballos previos de constitución e organización da nova Corporación, de adaptar a Administración Municipal ás novas introducidas polas Leis 39 e 40/2015, ámbalas dúas de 1 de outubro, en materia de procedemento administrativo e réxime xurídico das administracións públicas, e á implantación dos sistemas electrónicos de tramitación administrativa TEDEC e SIR, considerando que as prazas de auxiliares están cubertas por persoal laboral de carácter temporal e polo tanto non teñen a condición de funcionarios que deberan ter, e que será a Relación de Postos de Traballo, actualmente en trámite, a que recolla os postos de persoal funcionario, entre os que teñen que estar os correspondentes a Auxiliares Administrativos.

A provisión por medio da interinidade entraría dentro dos supostos indicados no artigo 19.Dos da Lei 6/2018, do 3 de xullo, LOXE para o ano 2018, que establece: "No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables".

As retribucións do posto serán as que figuran no Anexo de Persoal do Orzamento Municipal para o actual exercicio para o posto de Auxiliar Administrativo de Admón. Xeral, persoal funcionario, vacante.

Na data de 13-05-2019 por esta alcaldía ditouse a resolución relativa ao requerimento da documentación necesaria para o seu nomeamento á candita aprobada proposta para o seu nomeamento polo tribunal, e na data de 20-05-2019 a candidata proposta D^a. Crisrina Vilanova Añón presenta a súa renuncia, polo que ao non haber máis candidatas aprobadas cómpre declarar deserto o procedemento, e así seguen persistindo a motivación da urxencia da súa provisión.

Por todo isto considérase acreditada a necesidade e a urxencia e o carácter de inaplazable da convocatoria.

Considerando que existe o expediente tramitado para a súa provisión, coas bases do procedemento selectivo, a retención de crédito efectuada e os informes de secretaría e intervención.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente,

RESOLVO

Primeiro.- Convocar e aprobar as bases que haberán de rexer o procedemento para a selección de un funcionario interino Auxiliar Administrativo de Administración Xeral do Concello de Ponteceso na área de Secretaría, de conformidade co establecido no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, do 3 de xullo, LOXE para o ano 2018.

Segundo.- Nomear ao Tribunal do procedemento de selección, consonte á Base 6, e que estará composto polos seguintes membros:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.

Presidenta Suplente : D^a. María Elisa Fernández González, Técnica Admón. Xeral do Concello de Cabana.

Secretario: D. Emilio Caínzos Quintás, Secretario accidental do Concello de Ponteceso.

Secretaría suplente: D^a. Rosario Canosa Martínez, Traballadora Social, funcionaria, do Concello de Ponteceso.

concello@ponteceso.r



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Vogais:

Primeiro: D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de Cambre.
Suplente: D. Adrián Márquez Caramés, Secretario do Concello de Abegondo.
Segundo: D. José Manuel Ordóñez Barca, Administrativo de Admón. Xeral do Concello de Ponteceso.
Suplente: D^a. Yolanda Imia Antelo, Auxiliar Administrativa do Concello de Cabana.
Terceiro: D. Fernando Naya Abeleira, Administrativo de Admón Xeral do Concello de Ponteceso.
Suplente: D^a. Isabel María Castro Añón, Administrativa do Concello de Laxe.

Terceiro.- Dispoñer a publicación da convocatoria e as bases reguladoras, de conformidade coa Base 4, nun dos principais diarios de difusión rexional, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, para que os interesados/as presenten as súas solicitudes no prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da súa publicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde en funcións

O secretraio acctal.

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás

(FECHA: 28/05/2019 13:48:00)

(FECHA: 28/05/2019 13:47:00) , Emilio Caínzos Quintás

(FECHA: 28/05/2019 13:47:00) , Emilio Caínzos Quintás

FIRMADO POR Xose Lois García Carballido (FECHA: 28/05/2019 13:47:00) , Emilio Caínzos Quintás

Decreto Nº: 310/2019 - Fecha de decreto: 28/05/2019
Versión imprimible

CVD: Bwmd7w8c4Wc5y3ZzSFCG
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.